

Taxa por vacinación de viaxeiros internacionais (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxas por controis de sanidade exterior realizados a carnes e produtos de orixe animal de países non comunitarios (Lei 13/1996, do 30 de decembro).

Taxa por notificación de substancias químicas novas (Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social).

Taxas por prestación de servicios e realización de actividades da Administración do Estado en materia de medicamentos (Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento).

12. Ministerio da Presidencia:

Taxas por prestación de servicios e realización de actividades do Consello de Seguridade Nuclear (Lei 15/1980, do 22 de abril).

Disposición derradeira segunda. *Modificación da contía das taxas.*

As leis de orzamentos xerais do Estado poderán modificarla contía das taxas incluídas nesta lei.

Disposición derradeira terceira. *Autorización ó Goberno.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición derradeira quinta. *Publicación dos textos actualizados das taxas.*

O Ministerio de Economía e Facenda publicará anualmente os textos actualizados das taxas vixentes do Estado que fosen modificadas no último exercicio, incluíndo tódalas modificacións que se producisen desde a última publicación.

Por tanto,

Mando a tódolos españoles, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16715 LEI 26/1998, do 13 de xullo, pola que se modifica a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. («BOE» 167, do 14-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e a Lei 3/1992, do 20 de marzo,

sobre medidas de corrección daquela, fixaron o ámbito territorial dos partidos xudiciais, relacionando, no seu anexo I, o municipio ou municipios integrantes de cada un deles.

O artigo 32.2 da Lei orgánica do poder xudicial dispón que a modificación de partidos se realizará, se é o caso, en función do número de asuntos, das características da poboación, dos medios de comunicación e das comarcas naturais.

O carácter turístico dalgúns municipios da Comunidade Autónoma de Canarias e da Comunidade Valenciana supuxo un aumento da súa poboación, o que se traduciu nun considerable incremento da súa litixiosidade.

Procede, en consecuencia, redefinir a demarcación xudicial das provincias de Santa Cruz de Tenerife e de Alacante e crear, en cada unha delas, un novo partido xudicial, cunha planta de dous xulgados de primeira instancia e instrucción, de acordo coas previsións legais establecidas no artigo 35 da dita Lei orgánica do Poder Xudicial, tidas en conta as propostas da Comunidade Autónoma de Canarias e da Comunidade Valenciana e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo primeiro.

1. O anexo I da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, queda modificado conforme o disposto neste artigo.

2. Incorpóranse os seguintes municipios ós partidos xudiciais que se expresan:

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE CANARIAS

Provincia de Santa Cruz de Tenerife

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
12	1	Adeje.
12	6	Arona.
12	19	Guía de Isora.
12	40	Santiago del Teide.

COMUNIDADE VALENCIANA

Provincia de Alacante

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
13	34	Benijófar.
13	76	Guardamar del Segura.
13	903	Los Montesinos.
13	113	Rojales.
13	120	San Miguel de Salinas.
13	133	Torre Vieja.

3. Suprímense os seguintes municipios nos partidos xudiciais que se expresan:

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE CANARIAS

Provincia de Santa Cruz de Tenerife

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
1	1	Adeje.
1	6	Arona.
1	19	Guía de Isora.
5	40	Santiago del Teide.

COMUNIDADE VALENCIANA

Provincia de Alacante

Partido xudicial	Código municipio	Nome municipio
4	34	Benijófar.
4	76	Guardamar del Segura.
4	903	Los Montesinos.
4	113	Rojales.
4	120	San Miguel de Salinas.
4	133	Torreveja.

Artigo segundo.

1. Modifícase parcialmente o anexo VI da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, da forma seguinte:

«ANEXO VI

Xulgados de Primeira Instancia e Instrucción

Provincia	Partido xudicial número	Primeira Instancia	Instrucción	Primeira Instancia e Instrucción
<i>Canarias</i>				
Sta. Cruz de Tenerife:	1	—	—	5
	2	—	—	1
	3	—	—	12
	4	—	—	2
	5	—	—	2
	6	—	—	1
	7	—	—	6
				Servidos por maxistrados
	8	—	—	3
	9	—	—	2
	10	—	—	2
	11	—	—	1
	12	—	—	2
Total				39
<i>Comunidade Valenciana</i>				
Alacante:	1	—	—	5
	2	—	—	3
	3	9	7	—
	4	—	—	6
				Servidos por maxistrados
	5	—	—	2
	6	—	—	4
	7	—	—	2
	8	—	—	9
				Servidos por maxistrados
	9	—	—	8
	10	—	—	4
	11	—	—	2
	12	—	—	1
	13	—	—	2
Total				64»

2. Modifícase parcialmente o anexo VII da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, da forma seguinte:

a) Os xulgados do Penal que a continuación se indican estenderán a súa xurisdicción ós partidos xudiciais que en cada caso se expresan:

«ANEXO VII

Xulgados do Penal

Provincia	Sede Partido xudicial número	Observacións	Número de xulgados
<i>Comunidade Valenciana</i>			
Alacante:	3 8	Estenden a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 4, 8 e 13.	7 2
Total			9
Castellón:	1		3
Total			3
Valencia:	6		12
Total			12»

Artigo terceiro.

Modifícase o artigo 20.1 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

«O Goberno poderá modifica-lo número e a composición dos órganos xudiciais establecidos por esta lei, mediante a creación de seccións e xulgados, sen altera-la demarcación xudicial, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial e, se é o caso, a Comunidade Autónoma afectada.

Por real decreto, por proposta do ministro de Xustiza e logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, poderanse transformar xulgados dunha clase en xulgados de clase distinta da mesma sede, calquera que sexa a súa orde xurisdiccional.

Cando o xulgado que se transforme estea en funcionamento e teña procedementos pendentes, conservará a súa competencia sobre estes ata a súa conclusión.»

Disposición transitoria única.

En tanto non entren en funcionamento os xulgados de Primeira Instancia e Instrucción correspondentes ás novas circunscricións territoriais creadas nesta lei, manterán a súa competencia os órganos xudiciais que a tiveren á entrada en vigor desta disposición.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno dictará cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

16716 *LEI 27/1998, do 13 de xullo, sobre sancións aplicables ás infraccións das normas establecidas no Regulamento (CE) número 2271/1996, do Consello, do 22 de novembro, relativo á protección fronte á aplicación extraterritorial da lexislación dun país terceiro. («BOE» 167, do 14-7-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Unión Europea aprobou o Regulamento (CE) número 2271/1996 (DO L 309, do 29 de novembro de 1996, p. 1), do 22 de novembro, relativo á protección contra os efectos da aplicación extraterritorial da lexislación adoptada por un país terceiro, e contra as accións baseadas nela ou derivadas dela, e na mesma data unha Acción Común (96/668/PESC) (DO L 369, do 29 novembro de 1996, p. 7), co obxecto de evitar efectos adversos e o non-cumprimento dos obxectivos que a Comunidade persegue, entre outros, a contribución ó desenvolvemento harmonioso do comercio mundial e á supresión progresiva das restriccións ós intercambios mundiais, e a libre circulación de capitais entre estados membros e países terceiros no maior grao posible.

Por outra banda, e co respecto debido ás normas do Dereito internacional, outro dos obxectivos do Regulamento (CE) e desta lei é a consecución dun comercio leal evitando as posibles aplicacións extraterritoriais do Dereito de determinados países, aplicación extraterritorial non admitida pola comunidade internacional.

O Regulamento (CE) número 2271/1996, do 22 de novembro, establece que será cada Estado membro o que determine as sancións que deban impoñerse en caso de vulneración de calquera disposición pertinente del. Para este fin responde a presente lei, coa que se pretende logra-la tutela dos intereses lexítimos españois, dispoñendo os instrumentos xurídicos necesarios para evita-los efectos das disposicións normativas que contra-veñen o Dereito internacional.

Esta lei dítase ó abeiro dos títulos competenciais que a Constitución lle atribúe en exclusiva ó Estado,

de acordo co disposto no artigo 149.1.3.^a, 10.^a e 13.^a, referidos ás relacións internacionais, ó comercio exterior, ás bases e á coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto determina-las sancións que corresponden ás infraccións que resultan da aplicación, en España, do Regulamento (CE) número 2271/1996, do 22 de novembro, relativo á protección contra os efectos da aplicación extraterritorial da lexislación adoptada por un país terceiro.

CAPÍTULO I

Infraccións

Artigo 2. *Notificación e información sobre medidas extraterritoriais.*

1. Cando os intereses económicos ou financeiros de calquera persoa das recollidas no artigo 11 do Regulamento (CE) número 2271/1996, se vexan afectados, directa ou indirectamente, polas leis enumeradas no anexo dese mesmo regulamento (CE) ou por accións baseadas nelas ou derivadas delas, esta persoa notificarallo á Comisión Europea nun prazo de trinta días a partir da data en que tivo coñecemento da información. Cando se vexan afectados os intereses dunha persoa xurídica, esta obriga recaerá sobre os directores, executivos e outras persoas con responsabilidade de xestión.

2. Por instancia da Comisión Europea ou da Secretaría de Estado de Comercio, Turismo e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Economía e Facenda, a persoa facilitará toda a información pertinente para os efectos do Regulamento (CE) número 2271/1996, de acordo coa solicitude recibida, nun prazo de trinta días a partir da data da solicitude.

A información de carácter confidencial ou subministrada a título confidencial estará amparada pola obriga de segredo profesional.

3. Toda a información seralle facilitada á Comisión Europea, directamente ou a través da autoridade competente no Reino de España, para recibirla información a que fai referencia o parágrafo terceiro do artigo 2 do Regulamento (CE) 2271/1996, do Consello, e que é a Secretaría de Estado de Comercio, Turismo e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Economía e Facenda.

4. O incumprimento do disposto nos números anteriores será considerado infracción grave.

Non obstante, o cumprimento da obriga de notificación a que se refire o número 1 deste mesmo artigo fóra do prazo sinalado e con anterioridade á recepción da solicitude de información, a que se refire o número 2 anterior, será considerado infracción leve.

Artigo 3. *Denegación de cooperación.*

1. Ningunha persoa das recollidas no artigo 11 do Regulamento (CE) número 2271/1996 respectará directamente ou a través dunha filial ou intermediario, de forma activa ou por omisión deliberada, os requisitos ou prohibicións, incluídos os requirimentos de xulgados estranxeiros, baseados nos textos lexislativos que se enumeran no anexo do Regulamento (CE) número 2271/1996, ou derivados deles directa ou indirectamente, ou nas accións baseadas nelas ou derivadas deles.

2. O incumprimento da prohibición establecida no número anterior será considerada infracción grave.